

ÁREA: CIENCIAS NATURAIS

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN

ESTÁNDARES	MÍNIMOS ESIXIBLES
BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes. 	Busca información sobre un tema, selecciona a máis relevante con axuda e expón os resultados.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos. 	Expresa de forma oral ou escrita a comprensión do tema traballado.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc.). 	Emprega programas de tratamento de textos sen axudas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico. 	Busca información en textos científicos con axuda.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.5. Efectúa búsquedas guiadas de información na rede. 	Busca información sobre un tema en internet.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.6. Coñece e aplica estratexias de acceso e traballo na rede. 	Realiza tarefas en rede.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. 	Amosa autonomía organizando as súas tarefas e na toma de decisións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.3.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. 	Traballa en equipo resolvendo problemas de forma pacífica.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.3.2. Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación. 	Amosa uns coñecementos básicos en alfabetización dixital.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.3.3. Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar. 	Utiliza o correo electrónico ou outros medios ao seu alcance, para comunicarse.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados. 	Participa activamente en proxectos, investigacións ou experiencias amosando actitudes científicas.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións. 	Realiza, seguindo unha guía, unha presentación para explicar os resultados dun proxecto ou experiencia realizada.
BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano. 	Asocia, nun debuxo o nome e os principais órganos vitais do ser humano.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.1.2. Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións. 	Identifica os principais aparellos e explica as súas funcións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.3.1. Investiga sobre enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada e presenta conclusións en diversos soportes. 	Expón as consecuencias para a saúde dunha mala alimentación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.3.2. Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora menús variados identificando ás prácticas saudables. 	Elabora menús saudables e equilibrados.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.3.3. Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas. 	Enumera efectos daníños do consumo de drogas e alcohol.
BLOQUE 3. OS SERES VIVOS	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles. 	Recoñece e explica as funcións das células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.2.1. Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos. 	Clasifica os seres vivos nos diferentes reinos e identifica as características básicas de cada un.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.2.2. Utiliza guías na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas. 	Usa, con axuda, guías para a identificación científica de animais e plantas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.3.1. Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistema. 	Explica os elementos que compoñen un ecosistema e as relacións entre eles.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.3.2. Investiga con criterio científico, ecosistemas próximos e presenta resultados en diferentes soportes. 	Describe un ecosistema coñecido.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.3.3. Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu 	Identifica as condutas humanas que poden causar a desaparición de especies e explica como coidalas.

coidado.	
▪ CNB3.3.4. Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación científica.	Utiliza a lupa como instrumento na investigación.
▪ CNB3.3.5. Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utiliza os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados e comunica de xeito oral e escrito os resultados.	Realiza rexistros sobre unha experiencia da aula.
BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA	
▪ CNB4.1.1. Coñece e clasifica materiais segundo as súas propiedades (dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica).	Clasifica os materiais segundo as súas propiedades.
▪ CNB4.2.1. Utiliza diferentes procedementos para determinar a medida da masa e do volume dun corpo.	Emprega un procedemento de forma autónoma para a medición de masas e volume dun corpo.
▪ CNB4.2.2. Describe a diferenza entre masa e volume.	diferencia entre masa e volume.
▪ CNB4.2.3. Identifica e explica as principais características da flotación nun medio líquido.	Explica as características da flotación dun obxecto.
▪ CNB4.3.1. Identifica e explica as diferenzas entre enerxías renovables e non renovables e argumenta sobre as accións necesarias para o desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo.	Explica a diferenza entre as enerxías renovables das non renovables para o medio ambiente e describe accións para o desenvolvemento sostible.
▪ CNB4.4.1. Realiza experiencias sinxelas, en equipo, sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá; formular problemas, enunciar hipóteses, seleccionar o material necesario, extraer conclusións e comunicar os resultados en diferentes soportes.	Participa en experiencias de aula e intenta comprender os fenómenos observados
▪ CNB4.4.2. Identifica produtos químicos habituais no fogar e os posibles riscos para o organismo.	Coñece as precaucións a tomar con algúns produtos químicos de uso cotiá.
▪ CNB4.4.3. Identifica e explica os símbolos de perigo máis comúns na etiquetaxe.	Identifica símbolos de perigo nos envases.
▪ CNB4.4.4. Respecta as normas de uso, de seguridade, de conservación e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo, na aula e no centro.	Respecta as normas de uso e coidado do material de traballo.
BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS	
▪ CNB5.1.1. Observa e identifica os elementos dun circuíto eléctrico e constrúe un.	Constrúe con axuda un circuíto eléctrico.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.1.2. Observa, identifica e explica algúns efectos da electricidade da vida cotiá. 	Recoñece os usos da electricidade na vida cotiá.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.1.3. Expón exemplos de materiais condutores e illantes, argumentado a súa exposición. 	Diferencia entre materiais condutores e illantes.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.2.1. Coñece algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade e explica os beneficios ou riscos para á sociedade. 	Enumera algún dos grandes inventos da humanidade e as vantaxes que aportou.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.2.2. Valora e describe a influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e no traballo. 	Enumera algunhas vantaxes que aportan as novas tecnoloxías na vida cotiá.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.2.3. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación. 	Identifica algúns avances significativos en cada eido: fogar, escola, medicina, arte, etc.